



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte.169/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8 DE XUÑO DE 2017.

- 1.- Acta da sesión ordinaria do 25 de maio e extraordinaria e urxente do 26 de maio de 2017.

ADMÓN. TRIBUTOS

- 2.- Dar conta da resolución do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda pola que se aproba o Padrón fiscal da taxa de lixo-vivenda do ano 2017. Expte. 53476/513.

BENESTAR SOCIAL

- 3.- Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais-2017. Expte. 139532/301.

CEMITERIOS

- 4.- Revisión de prezo e prórroga do contrato de prestación do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Lavadores, Candeán, Pereiró, Teis e Zamáns. Expte. 8700/255.

DEPORTES

- 5.- Proposta de adxudicación dunha subvención directa a favor da Agrupación deportiva Vigo en relación á dinamización do programa deportivo "Vigo en Xogo" 2016/2017. Expte. 15931/333.
- 6.- Proxecto de convenio coa Agrupación Deportiva Xogara co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento do seu proxecto de dinamización dun programa de actividade física para maiores a través do Cachibol na cidade de Vigo- ano 2017. Expte. 16003/333.

EDUCACIÓN

- 7.- Proposta de aprobación das listas definitivas de adxudicación, agarda e denegación da convocatoria para alumnado de 3º ESO de prazas para a participación no Programa municipal de inmersión en lingua inglesa "Vigo en Inglés 2017". Expte. 18427/332.
- 8.- Dar conta da resolución da Concelleira de Educación, de 1/06/17, sobre reclamacións e lista definitiva de adxudicación de prazas e listas de agarda para Escolas infantís municipais, curso 2017/2018. Expte. 19616/332.

EMPREGO

- 9.- Proxecto de convenio de colaboración coa Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas para a difusión da cultura mariñeira e das embarcacións municipais. Expte. 13852/77.
- 10.- Proxecto de convenio de colaboración coa “Asociación de Comerciantes de la calle del Príncipe de Vigo” no marco do Fomento do emprego para a potenciación do comercio da zona Centro Príncipe de Vigo. Expte. 13880/77.
- 11.- Proposta de aprobación de memoria e solicitude de subvención á Xunta de Galicia da “convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA para o ano 2017”. Expte. 14061/77.

SERVIZO AREA DE CULTURA

- 12.- Prórroga do contrato de Servizos de vixilancia de seguridade e mantemento de instalacións de seguridade en centros e actividades da rede museística e expositiva. Expte. 457/341.
- 13.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **8 de xuño de 2017, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez